

BASES ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN A CONCESIÓN DE AUTORIZACIÓNS PARA A INSTALACIÓN DE ATRACCIÓNS DE FEIRA NA ZONA DO REGUEIRIÑO, DURANTE AS FESTAS PATRONAIS DO ANO 2025 (EXP. 2224/2025).

1.- OBXECTO DAS BASES.

O obxecto das presentes bases é regular o outorgamento de autorizacións para a instalación de atraccións de feira na zona do Regueiriño, durante as festas patronais de Lalín, que se celebrarán entre os días 19 e 23 de setembro de 2025.

2.- IMPORTE MÍNIMO E UBICACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS .

As autorizacións para a utilización privativa do dominio público municipal por instalación de atraccións e postos de feira outorgaranse por concorrencia competitiva que será convocada polo órgano competente do Concello mediante procedemento aberto.

O prezo que os titulares das autorizacións para a ocupación do terreo municipal están obrigados a satisfacer, constitúe unha contraprestación económica que ten a natureza de taxa e por obxecto compensar ao Concello pola utilización privativa do dominio público por parte dos beneficiarios da autorización.

Os prezos de saída e dimensións dos postos atópanse definidos no Proxecto de Feira redactado polo Arquitecto Técnico Municipal e asinado o día 24 de xuño de 2025. (En diante Proxecto de Feira).

O recinto feiral emprazase na Zona do Regueiriño e a tipoloxía e numeración dos postos obxecto destas bases queda determinado nos planos do Proxecto de Feira.

Non se poderá ocupar o recinto feiral con ningún tipo de vehículos que non formen parte das atraccións (camións, caravanas, etc). No momento da adxudicación, e en todo caso con antelación suficiente, o Concello indicarlle aos titulares dos postos o emprazamento dos mesmos.

As persoas beneficiarias das autorizacións, non poderán proceder á montaxe ata que o persoal

designado polo Concello sinale a localización e os límites de cada parcela, para garantir que se cumpren as distancias e os radios de xiro, para o paso dos vehículos de emerxencia e que non se ven afectadas as instalacións contra incendios, como poden ser as bocas de incendio. O Concello poderá facer variacións na posición das parcelas para garantir o cumprimento das medidas de seguridade esixibles.

3.- DURACIÓN DA OCUPACIÓN.

A duración da ocupación iniciárase o martes previo ás festas a partir das 8:00 AM, rematando o xoves posterior ao remate das festas ás 23:59.

As autorizacións terán validez durante dúas (2) edicións das Festas Patronais das Dores do Concello de Lalín, coa posibilidade de ser prorrogada por un ano máis.

A prórroga concederáse previa solicitude dos interesados ou de ser o caso oficio por parte do Concello.

A ocupación para a edición do ano 2025 atópase establecida de xeito pormenorizado no Proxecto de Feira, resumíndose do seguinte xeito:

1. A montaxe das atraccións levarase iniciárase o 16 de setembro a partir das 8:00 am e deberá estar concluído o día 19 de setembro ás 15:00, co recinto libre de camións e montadores. **Non se permitirá a entrada** de camións e montadores a partir do día **19 de setembro de 2025 ás 15:00.**
2. A desmontaxe das atraccións, así como a saída dos vehículos estará concluída o 25 de setembro ás 23:59, non permitindo o acceso a camións a partir de esa hora.

Estas tarefas serán supervisadas por técnicos municipais ou persoal designado ao efecto e/ou pola Policía Local.

A persoa adxudicataria abandonará e deixará libres e baleiros a disposición do Concello ao final do prazo de autorización o espazo público obxecto de ocupación. No caso contrario o Concello ten a potestade de acordar e executar de por si o lanzamento, sen prexuízo das infraccións que cometera a persoa adxudicataria e das posibles sancións que se lle puideran impor.

En caso de dúbida respecto da montaxe e desmontaxe das atraccións prevalecerá o estipulado no Proxecto de Feira.

4.- PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS E CONTIDO DAS MESMAS.

4.1.- Prazo de presentación de ofertas:



O Concello de Lalín publicará un anuncio no perfil do contratante do Concello de Lalín así como na páxina web do Concello de Lalín (www.lalin.gal). O prazo de presentación de proposicións é de 15 días naturais a contar desde o seguinte ao da publicación do anuncio.

4.2.- Lugar de presentación:

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Lalín, Praza de Galicia núm. 1, 36500 Lalín (Pontevedra).

As consultas relacionadas co expediente realizaranse no Servizo de Contratación no Tlf. 986-787060 / Fax. 986-780638 ou a través do enderezo electrónico: contratacion@lalin.gal.

4.3.- Forma de presentación das ofertas:

Os interesados presentarán a súa solicitude en **DOUS SOBRES pechados** no Rexistro Xeral do Concello de Lalín, Praza de Galicia núm. 1, 36500 Lalín (Pontevedra) asinados polo propoñente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento, posto solicitado, finalidade do posto, nome e apelidos ou denominación social do licitador, DNI ou CIF, dirección, teléfono, e correo electrónico, para os efectos das notificacións segundo o modelo que se insire como Anexo I.

Cando as proposicións se envíen a través de lugar distinto ó Rexistro de Entrada do Concello de Lalín, o solicitante deberá achegar o xustificante da data de imposición do envío no Servizo Oficial de Correos ou nos lugares indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e comunicarlle ao órgano de contratación mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día (Fax. 986-780638) ou a través de e-mail ao enderezo electrónico: contratacion@lalin.gal. Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de finalización do prazo. Transcorridos, non obstante, 3 días naturais seguintes á dita data sen recibir a solicitude, esta non será admitida en ningún caso.

Así mesmo, os solicitantes terán á súa disposición as bases tanto no nomeado perfil como no Rexistro de Entrada do Concello.

4.4.- Contido das proposicións:

Os interesados en participar, presentarán a documentación en DOUS SOBRES PECHADOS segundo o modelo contido no Anexo I.

Dentro do **SOBRE NÚM. 1** incluírase a seguinte documentación:

- Anexo II - Modelo de instancia e declaración responsable segundo corresponda (anexo II A) restauración ou anexo II B) atraccións) .
- Copia do DNI do licitador, se se trata de empresario individual ou escritura de constitución,



debidamente inscrita no rexistro e copia do CIF no caso dunha persoa xurídica.

- Certificación tributaria expedida pola AEAT acreditativa de estar dado de Alta no IAE.

- **Certificación positiva expedida pola Tesourería da Seguridade Social**, ao abeiro dos artigos 14 e 15 do RXLCAP, que acredite que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social.

- **Certificación positiva expedida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria** ao abeiro dos artigos 13 e 15 do RXLCAP, que acredite que se atopa ao corrente do pagamento das súas obrigas tributarias.

- **Certificación positiva expedida pola Axencia Tributaria de Galicia** ao abeiro dos artigos 13 e 15 do RXLCAP, que acredite que se atopa ao corrente do pagamento das súas obrigas tributarias.

- **Proxecto e documentación técnica** que resulte esixible segundo a natureza da actividade ou instalación, redactados e asinados por persoa técnica competente.

- Para as **atraccións mecánicas e/ou eléctricas**:

- Proxecto segundo o establecido no apartado 14 do Proxecto de Feira.
- Manual de funcionamento segundo o establecido no apartado 14 do Proxecto de Feira.
- Libro de operacións segundo o establecido no apartado 14 do Proxecto de Feira.
- Certificado expedido pola Consellería de Industria da Xunta de Galicia ou o Ministerio de Industria, acreditativo de que os mecanismos que se van montar cumpren todas as especificacións legais requiridas.
- Certificado de Inspección Técnica Periódica Favorable.

- Seguro de responsabilidade civil do ano en curso (**póliza e último recibo de pagamento**) **polas cantidades establecidas no Proxecto de Feira**. Sen prexuízo do disposto anteriormente, a contratación do devandito seguro de responsabilidade civil tamén poderá acreditarse mediante unha certificación da compañía aseguradora ou do axente de seguros, que deberá ter o contido mínimo seguinte:

- A identificación da compañía aseguradora ou do axente de seguros e da persoa que actúe na súa representación.
- O número da póliza de seguro.
- A mención expresa á cobertura de responsabilidade civil e á vixencia temporal do seguro.
- A identificación do espectáculo público ou da actividade recreativa e do establecemento ou espazo aberto ao público onde se celebren.
- O municipio onde se localice o establecemento ou espazo aberto ao público onde se vaia a celebrar o espectáculo público ou a actividade recreativa.

- A data e a hora da celebración do espectáculo público ou da actividade recreativa.
- A mención expresa ao aseguramento do establecemento ou espazo aberto ao público ou do espectáculo público ou actividade recreativa.
- A contía do capital asegurado e da franquía, no seu caso.
- A data e a sinatura da persoa que expida o certificado.

En calquera dos supostos o licitador deberá figurar entre as persoas aseguradas e a actividade que se pretende desenvolver entre os riscos asegurados.

- Para as **actividades de tipo alimentario** carné de manipuladora ou manipulador de alimentos e alerxias alimentarias expedido a nome do licitador ou de todas as persoas que vaian exercer/desempeñar dita actividade ou ben certificación individual destas mesmas persoas expedida por empresa ou entidade de formación de manipuladores de alimentos ou pola autoridade sanitaria na que se indicará como mínimo os seguintes datos:

- Identificación da empresa ou entidade de formación autorizada.
- Identificación do representante legal ou responsable da formación.
- Data de autorización e número de rexistro da empresa ou entidade de formación.
- Denominación do programa de formación.
- Datos da persoa manipuladora de alimentos (nome, apelidos e DNI; lugar, data e expedición do certificado e actividade laboral).

Este certificado deberá estar selado e asinado polo representante legal ou polo responsable da formación.

Todos os documentos presentados deberán ser orixinais, ou copias auténticas de conformidade coas regras establecidas no artigo 27 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Toda a documentación será presentada e redactada nalgún dos idiomas oficiais de Galicia ou, noutro caso, acompañada da súa correspondente tradución xurada polos servizos competentes ou por notario público que dará fe da tradución.

Dentro do **SOBRE NÚM. 2** incluírase a seguinte documentación:

- Anexo III – Modelo de oferta económica e solicitude de parcelas.

No suposto que se opte a varias parcelas incluíranse tantos modelos de oferta económica como parcelas se soliciten.

A presentación de proposicións presume por parte do licitador a aceptación incondicionada destas bases así como das prescricións contidas no Proxecto de Feira.



5.- PAGO DAS TAXAS.

As autorizacións concédense única e exclusivamente para as Festas Patronais na Honra da Virxe das Dores dos anos 2025 e 2026. Prevese a posibilidade dunha prórroga para a edición do ano 2027.

Enténdese como “**taxa de ocupación**” a cantidade ofertada polo licitador, en concepto de prezo por parcela.

A taxa de ocupación correspondente a cada parcela ingresarase na seguinte conta bancaria do Concello de Lalín: ES3520805429673110119045 ABANCA, con indicación expresa do nome do adxudicatario, DNI ou CIF e indicando expresamente o número de posto adxudicado.

O adxudicatario poderá realizar o abono da taxa **unha vez que sexa coñecedor da adxudicación do posto ou postos solicitados**, rematando o prazo para o abono da taxa de ocupación o día **30 de xullo de cada edición**, salvo que por cuestións técnicas ou organizativas se comunique unha data diferente.

De non se ter ingresada a taxa dentro do prazo establecido quedará extinguida e sen efecto a autorización, quedando a parcela a libre disposición do Concello.

No suposto de que o solicitante non poida desenvolver a súa actividade por causas alleas á súa responsabilidade, debidamente xustificadas, procederase á devolución da taxa.

O Concello de Lalín poderá revogar unilateralmente a autorización concedida en calquera momento por razóns de interese público, sen xerar dereito a indemnización, cando aquela resulte incompatible coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral.

6.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

As parcelas adxudicaranse ao licitador que ofrezca o mellor prezo para cada parcela, tomando como importe de partida o indicado no Proxecto de Feira respecto de cada tipo de posto.

Os licitadores poderán mellorar á alza os devanditos prezos. No suposto de que exista empate entre dúas ou máis ofertas por parcela este dirimirase por sorteo.

Os licitadores poderán solicitar, se así o estiman conveniente, un ou dous postos con carácter supletorio, así no caso de que un licitador non consiga o posto ao que opta en primeiro lugar outorgaráselle o solicitado en segundo lugar, salvo que outro licitador teña formulado unha mellor oferta respecto do posto solicitado. No caso de empate dirimirase por sorteo.

Aquelas proposicións que oferten un prezo por debaixo do tipo de licitación serán rexeitadas.

7.- PROCEDEMENTO.

As parcelas obxecto de licitación sitúanse en bens de uso público local segundo o descrito no artigo 3 do Real Decreto 1372/1986 RBEL, pola súa banda, o uso que se pretende licitar é considerado "Uso privativo", polo que segundo o artigo 86 2. da Lei 33/2003 de PAP estará suxeito a autorización.

A autorización administrativa para a xestión e aproveitamento das parcelas outorgarase mediante licitación pública por procedemento aberto, cumprimento do artigo 92 da Lei 33/2003 de Patrimonio das Administracións Públicas.

A adxudicación farase a favor da proposición que, cumprindo coas obrigas recollidas nestas bases e no Proxecto de Feira presente a oferta máis elevada para cada unha das mencionadas parcelas.

Os interesados en participar, presentarán a documentación en **DOUS SOBRES PECHADOS** segundo as instrucións expostas nestas bases e no Proxecto de Feira.

Unha vez finalizado o prazo de presentación da documentación, a Comisión de Valoración examinará a documentación aportada, incluída no SOBRE NÚM. 1. No caso de que se observasen defectos ou omisións emendables na documentación farase unha comunicación vía fax, telefonicamente ou a través de correo electrónico ao interesado, sen prexuízo de que estas circunstancias se fagan públicas a través de anuncios no perfil do contratante do Concello de Lalín e/ou na páxina web municipal (www.lalin.gal), concedéndose un prazo non superior a tres días hábiles para que os solicitantes os corrixan ou emenden ante a Comisión de Valoración.

Do actuado deixarase constancia nas actas que necesariamente deberán estenderse.

A apertura dos sobres núm. 2 realizarase en acto público cuxa data será publicada no perfil do contratante do Concello.

A Comisión de Valoración elevaralle ao órgano competente a proposta de adxudicación dos postos que procedan.

O órgano competente municipal resolverá o procedemento á vista da proposta da Comisión Avaliadora, excluíndose a aqueles interesados que non presenten a documentación completa ou que incumplan o disposto nestas bases ou no Proxecto de Feira.

Unha vez avaliada a documentación e emendadas as deficiencias de documentación, publicarase a listaxe definitiva de admitidos á licitación - previamente aprobada polo Órgano competente - no taboleiro de anuncios do Concello de Lalín.

En todo caso, a adxudicación quedará condicionada ao pagamento da taxa de ocupación, rematando o prazo para o abono da taxa de ocupación o día 30 de xullo de cada edición, salvo



que por cuestións técnicas ou organizativas se comunique unha data diferente.

De non abonarse a taxa dentro do prazo establecido quedará extinguida e sen efecto a autorización, quedando a parcela a libre disposición do Concello.

Antes do inicio da actividade deberá presentarse toda a documentación que se solicita no Proxecto de Feira e cumprir coas obrigas legais e as directrices do persoal designado.

8.- COMISIÓN DE VALORACIÓN.

A Comisión de Valoración estará integrada polos seguintes membros:

PRESIDENTE: Sra Tenente de Alcalde ou Concelleiro/a Delegado/a en quen delegue.

Vogais:

- O Secretario Xeral ou funcionario/a en quen delegue ou o substitúa.
- A Interventora ou funcionario/a en quen delegue ou a substitúa.
- A Administrativa da Axenda Urbana ou funcionaria en quen delegue ou o substitúa.

Secretaria: unha funcionaria encargada da contratación administrativa ou persoal en quen delegue ou o substitúa.

9.- OBRIGAS XERAIS DAS PERSOAS ADXUDICATARIAS.

As persoas adxudicatarias das autorizacións terán, entre outras, as seguintes obrigas:

- a) Quedan obrigadas ao cumprimento destas bases, o regulado no Proxecto de Feira e das disposicións que lles afecten en materia de Seguridade Social, Venda ambulante e todas aquelas ditadas por autoridade competente que lles resulten de aplicación. Así mesmo, quedan obrigadas a respectar as indicacións que lles dirixan tanto a Policía Local como os Inspectores e Persoal Municipal designado para o efecto.
- b) En todo momento deberán ter a disposición a documentación acreditativa do pagamento da taxa por se lle fora requirida polo persoal do Concello, así como a documentación administrativa requirida na presente licitación e toda aquela á que se fai referencia no Proxecto de Feira.
- c) Deberán respectar a superficie, situación e delimitación do posto adxudicado, tal e como se especifica no Proxecto de Feira e no acordo de adxudicación ou no seu caso polo persoal municipal encargado da supervisión da montaxe dos postos.
- d) O espazo outorgado deberá destinarse única e exclusivamente para a actividade



autorizada e será utilizado pola persoa titular da autorización. Así, queda prohibido dividir o espazo ou ceder o dereito de uso con ou sen prezo. En ningún caso poderá a persoa adxudicataria transmitir a outra persoa a autorización outorgada, nin variar a actividade autorizada.

- e) Deberán levantar a instalación ao finalizar o período autorizado, debendo deixar libre e a disposición do Concello os bens obxecto de utilización, podendo o Concello, en caso contrario, acordar e executar de por si o lanzamento.
- f) Facilitarlle en todo momento ao Concello, e ás persoas que este nomee o libre acceso ás instalacións, para que poidan inspeccionalas e/ou comprobalas. O autorizado, a tal efecto, prestará os auxilios necesarios, acatará as ordes da autoridade e os seus axentes e terán a súa disposición o documento acreditativo da adxudicación, así como a documentación propia da instalación, facilitando e cumprindo a estes efectos coas actuacións de inspección e comprobación relativas á revisión de solidez e seguridade estrutural da instalación, revisión das instalacións, probas de funcionamento, competencia do persoal das atraccións, requisitos de acceso e uso de linguaxe non sexista.
- g) Con carácter concreto, os postos relacionados con actividades de bares e similares destinados á venda de alimentos e bebidas, segundo a tipoloxía establecida no Proxecto de Feira, así como aqueles que, aínda non tendo como obxecto principal a venda de alimentos e bebidas, inclúan este servizo, deberán cumprir con toda a normativa vixente en materia sanitaria en relación con este tipo de actividades e en especial o seu persoal deberá dispor da debida formación en materia de manipulación de alimentos de acordo co disposto no Decreto 290/2003, do 4 de xuño, da Comunidade Autónoma de Galicia.
- h) Aquelas atraccións, casetas e postos de degustación onde a potencia requirida sexa superior a 5 kw, non teñen garantido a subministración eléctrica, e deberán ser enerxeticamente autosuficientes. En aquelas, onde a potencia sexa inferior a 5 kw, conectaranse obrigatoriamente ós cadros eléctricos colocados a tal fin.
- i) Os postos de alimentación deberán dispor do equipamento suficiente para garantir a cadea de frío e a adecuada conservación dos alimentos almacenados, subministración de auga, gas e recollida de augas residuais, para o desenvolvemento da súa actividade de forma autónoma.
- j) Cada atracción, mentres permaneza en funcionamento, deberá estar sempre baixo o control directo dun operador principal, maior de idade e con coñecemento suficiente do funcionamento da atracción, sen prexuízo da existencia doutros operadores auxiliares. Esta persoa será a responsable de que se respecten as normas de acceso á atracción por parte das persoas usuarias, así como do manexo da atracción conforme ao disposto no seu manual de funcionamento, todo elo sen prexuízo das inspeccións e/ ou



comprobacións que poidan realizarse por parte do Concello mediante os seus propios servizos técnicos ou a través de persoal designado ao efecto no relativo á identificación do operador principal, así como dos operadores auxiliares, se os houbera.

- k) As atraccións e demais instalacións non poderán estar rotuladas, decoradas ou conter imaxes sexistas, nin que presenten ás mulleres de forma vexatoria ou discriminatoria, ben utilizando particular e directamente o seu corpo ou partes del, ben a súa imaxe asociada a comportamentos estereotipados por razón de xénero. Igualmente, non poderán empregar mensaxes que conteñan unha linguaxe sexista. Así mesmo, non poderán incorporar imaxes ou unha linguaxe que contribúa a xerar violencia ou discriminación en calquera das súas manifestacións, especialmente sobre as persoas menores de idade, ou fomenta estereotipos de carácter sexista, racista, estético ou de carácter homóforo ou transfóbico ou por razóns de discapacidade, todo elo sen prexuízo das inspeccións e/ ou comprobacións que poidan realizarse por parte do Concello mediante os seus propios servizos técnicos ou a través de persoal designado ao efecto no relativo á acreditación do cumprimento destes requisitos.
- l) Exercerase, no seu caso, o dereito de admisión en cada establecemento de conformidade co disposto no artigo 13 da Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
- m) No acceso a cada establecemento, deberase colocar nun lugar visible ao público e perfectamente lexible, en cada un dos dous idiomas oficiais de Galicia, un cartel informativo co contido indicado no artigo 30.2 do Decreto 226/2022, do 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas e se constitúe o Rexistro de Empresas e Establecementos. O citado cartel terá as dimensións e axustarase á estrutura especificada no Anexo do devandito Decreto e tendo en conta as especificidades descritas na cláusula 3.5.3 do Proxecto de Feira.
Sen prexuízo da obriga de colocar o cartel informativo ao que se fai referencia no parágrafo precedente, os establecementos deberán contar en lugar visible ao público e perfectamente lexible nos dous idiomas oficiais de Galicia, a información que consta no artigo 19 da Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
- n) Cada posto poderá dispor de un equipo de música, que non poderá sobrepasar o límite sonoro de 65 dB(A).
- o) Deberán permanecer libres de obstáculos e garantidos en todo momento os accesos aos inmobles e garaxes da zona.
- p) Deberase de prestar especial atención ao ruído producido no período de noite (horario de comezo as 23.00 horas e final as 7.00 horas), no que o ruído que chega aos locais interiores (dormitorios) será non superior a 25 dBA.



- q) Todos os días de duración da ocupación, as atraccións apagarán a súa música durante unha hora, en horario de 19:00 horas a 20:00 horas, para que poidan gozar das atraccións as persoas con sensibilidade acústica ou con molestias pola contaminación acústica.
- r) A seguridade dos postos, inchables, aparellos mecánicos, etc que se utilicen será responsabilidade das persoas propietarias destes, as cales dispoñerán dos certificados técnicos que as avalen e terán subscrita unha póliza de seguro de responsabilidade civil na contía suficiente e na que o licitador deberá figurar entre as persoas aseguradas e a actividade que se pretende desenvolver entre os riscos asegurados.
- s) Todas as instalacións deberán expoñer á vista do público, os prezos que rexan na súa actividade.

No caso de que non se cumpra con algún dos requisitos establecidos nestas bases ou na normativa (de calquera índole) que lle resulte de aplicación a este tipo de instalacións, a Policía Local procederá ao precintado da atracción, posto, etc.

10.- PROHIBICIÓNS.

Ao montar e desmontar as instalacións e durante todo o período de vixencia da autorización, queda totalmente prohibido:

- Invadir, pisar e/ou amontoar materiais nas zonas verdes, o mesmo que ancorar nelas elementos de sustentación ou de apoio das atraccións ou dos seus accesorios.
- Estragar, arrincar ou pisar as especies vexetais existentes, así como despuntar, cortar ou desgarrar ramas de calquera índole de desenvolvemento vexetativo nas árbores e arbustos existentes.
- Cravar elementos punzantes así como colocar carteis, tomas de auga, instalar abrazadeiras ou calquera elemento de sustentación ou apoio sobre o arborado existente, así como cravar elementos punzantes no pavimento cando este non sexa de terra.
- Todos os equipamentos de xardín (puntos de luz, bancos, papeleiras, fontes, bordos perimetrais, etc.) manteranse perfectamente conservados para que e en calquera momento poidan cumprir a súa función específica.
- A instalación de carros, caravanas e casetas de vivenda fóra dos lugares habilitados para o efecto.
- O emprego de animais nas atraccións ou postos.
- A colocación de máis dunha actividade dentro dos límites da parcela autorizada, ou de



actividades non autorizadas e a venda de calquera produto non permitido pola correspondente autorización.

- Aquelas outras prohibicións especificadas no artigo 6 da Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

O incumprimento dos puntos anteriores obrigará á persoa adxudicataria a compensar os danos e perdas ocasionados, de acordo coa valoración que efectúen os Técnicos Municipais e poderá ser penalizado coa perda de todos os dereitos de adxudicación, obrigándoo a levantar inmediatamente a instalación.

11.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

A reiteración no incumprimento ou desobediencia ás instrucións terase en conta para avaliar a gravidade.

A Policía Local adoptará as medidas oportunas para tentar corrixir inmediatamente calquera incidencia ou desviación do estipulado nas instalacións que poida supoñer infracción das anteditas regras propoñendo, se é o caso, o oportuno expediente de resolución da autorización ou expediente sancionador cando esta medida alternativa á resolución da autorización contribúa a satisfacer en maior medida o interese público ou de protección dos traballadores.

Sen prexuízo do establecido na Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, a inobservancia dos preceptos destas bases, agás previsión distinta, será sancionada segundo se determina a continuación:

1. Serán consideradas como incumprimentos **leves**:

- Invadir, pisar e amontoar materiais nas zonas verdes, así como suxeitar nelas calquera elemento de sustentación ou apoio.
- Trato desconsiderado ao público e persoas usuarias.
- Inobservancia da debida limpeza e decoro do posto e na zona de asentamento da súa caravana.
- Calquera outra conduta non tipificada expresamente como grave ou moi grave, que supoña un incumprimento dos deberes/obrigas establecidas nestas bases.

2. Serán consideradas como incumprimentos **graves**:

- Ocupar máis espazo do adxudicado ou darlle un destino distinto.
- Estragar, arrincar ou pisar sebes vexetais existentes, así como despuntar, cortar ou desgarrar ramas de calquera índole de desenvolvemento vexetativo nas árbores ou



arbustos existentes.

- Mal uso ou danos ao mobiliario urbano, tal como bancos, papeleiras, fontes, bordos, etc.

- Cravar elementos punzantes, colocar carteis, instalar abrazadeiras, tomas de auga ou calquera outro elemento de sustentación ou apoio sobre o arborado existente, así como cravar elementos punzantes no pavimento cando este non sexa de terra.

- Cobro de prezos abusivos na actividade recreativa desempeñada (fora dos prezos de mercado).

3. Serán considerados incumprimentos **moi graves**:

- Non observar as medidas de prudencia necesarias para salvagardar a seguridade, hixiene ou sanidade das atraccións, casetas ou postos.

- Non cumprir as ordes do Técnico Municipal e dos axentes da Policía Local relativas ao cumprimento destas bases ou calquera outra que se lle indique dende o Concello.

- Montaxe anticipada sen permiso municipal.

- Permanencia no uso do posto máis do límite permitido e en todo caso sen haber solicitado previamente no Concello a prolongación da estadía, no seu caso.

- Desmontaxe do posto ou atracción ou o seu abandono no lugar de colocación coa xeración de lixo ou desperdicios no espazo adxudicado.

Sancións:

- As infraccións leves serán sancionadas con multas de ata 750 euros.

- As infraccións graves serán sancionadas co peche ou precinto da atracción ou posto por un período non inferior a 24 horas ou extinción da autorización e con multas de entre 751,00 euros ata 1.500,00 euros.

- As infraccións moi graves poderán ser sancionadas co peche ou precinto da atracción ou posto por un período non inferior a 36 horas, e con multas de entre 1.501,00 euros ata 3.000,00 euros.

As sancións anteriores entenderanse, sen prexuízo de esixirlle á persoa adxudicataria a compensación de danos e perdas causados, tanto aos bens do Concello como ás persoas ou os bens das persoas usuarias, e a resolución da autorización se procedese.

En calquera caso, para a imposición de sancións incoarase un procedemento contradictorio no que se lle outorgará audiencia á persoa adxudicataria para os efectos de formulación de



alegacións e presentación de cantos documentos estime conveniente na defensa dos seus dereitos.

Para a graduación do importe das sancións considerarase o previsto no artigo 37 da Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia e en particular os seguintes criterios:

- a) O incumprimento espontáneo das obrigas ou dos deberes formais e o atraso naquel.
- b) A reparación voluntaria dos danos.
- c) Os prexuízos ocasionados ós particulares.
- d) O beneficio ilícito obtido.
- e) A transcendencia social da infracción.
- f) As repercusións negativas para a imaxe das festas patronais.
- g) Reincidencia ou intencionalidade.

12.- EXTINCIÓN DAS AUTORIZACIÓNS.

A autorización poderá extinguirse polas causas previstas no artigo 100 da Lei 33/2003 de patrimonio das administracións públicas así como polo incumprimento por parte do adxudicatario das obrigas sinaladas expresamente nas condicións técnicas e administrativas reguladoras do procedemento.

Para os efectos de resolución da autorización incoarase un procedemento contradictorio no que se lle outorgue audiencia á persoa adxudicataria para os efectos de formulación de alegacións e presentación de cantos documentos estime conveniente en defensa dos seus dereitos.

Declararase a anulación da adxudicación:

- a) De mutuo acordo co Concello, cando non lle cause prexuízo ao propio Concello nin a outras persoas adxudicatarias.
- b) Por resolución do Concello nos seguintes casos:
 - Por falta de pago das taxas nos prazos establecidos.
 - Cando a persoa ou entidade adxudicataria non aboe os danos causados nin as sancións impostas.



- Se se comproba a existencia dunha causa sobrevida ou oculta que aconselle o peche do posto por comprometer a seguridade, hixiene ou sanidade das persoas usuarias; cando se deba a negligencia culpable ou dolo da persoa adxudicataria.
- Cando a persoa adxudicataria se negue reiteradamente a cumprir as ordes do Técnico Municipal ou Policía Local.
- Unha vez concluída a montaxe da instalación mecánica e/ou eléctrica e con carácter previo á súa posta en funcionamento, non ter obtido nin presentado a pertinente certificación de instalación ou montaxe subscrita por técnico competente, na que se acredite que a devandita instalación mecánica e/ou eléctrica reúne as medidas de seguridade e solidez de todos os seus elementos e sen prexuízo das inspeccións e ou comprobacións que neste eido se realicen por parte do Concello a través dunha empresa externa especializada contratada a tal efecto. **Neste suposto concreto e debido a que non se pode retirar, no seu caso, a atracción correspondente ata unha vez terminado o período de ocupación e tendo en conta asemade os gastos e os prexuízos ocasionados ao Concello pola ocupación da parcela afectada, non se procederá á devolución da taxa aboada polo adxudicatario da devandita parcela.**
- Exista incumprimento grave ou moi grave das obrigas da persoa adxudicataria.
- Cando exista un incumprimento das obrigacións xerais ou dos requisitos establecidos nas bases así como a comisión de infracción grave ou moi grave.

A extinción da autorización ou peche da atracción ou posto será efectuada polo órgano competente do Concello previo informe do Técnico Municipal ou da Policía Local, sen prexuízo do trámite de audiencia á persoa adxudicataria, (no caso de ser ordenado o peche ou precinto este será efectuado pola Policía Local).

A extinción culpable da autorización dará lugar á imposición da sanción que proceda, no seu caso, á inhabilitación da persoa industrial feirante para ser adxudicataria dun posto nas festas patronais de Lalín durante os próximos **DOUS ANOS** e a orde de levantamento ou desmontaxe do posto, todo isto sen prexuízo de esixirle á persoa adxudicataria, ante as instancias xudiciais competentes, as responsabilidades que procedesen.

13.- CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

A beneficiaria da autorización (como encargada do tratamento de datos) en cumprimento dos principios de integridade e confidencialidade, obrígase ao cumprimento de todo o establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e a súa normativa de desenvolvemento, así como no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas con respecto ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e pola que se derroga a Directiva 95/46/CE, en relación cos datos persoais aos que teña



Contratación

acceso con ocasión da autorización.

A beneficiaria da autorización está obrigada a gardar segredo respecto daqueles datos de carácter persoal dos que puidera ter coñecemento por razón da concesión da autorización, obrigación que subsistirá aínda despois da finalización da mesma, de conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Os datos persoais achegados para os efectos deste procedemento, de persoa física que actúa por si mesma ou, no seu caso, como representante de persoa xurídica, así como os datos persoais de quen executará, no seu caso, a actividade a exercer obxecto de autorización, serán tratados, en calidade de responsable de tratamento, polo Concello de Lalín.

Os datos de carácter persoal serán tratados para a valoración da documentación das persoas solicitantes, e no suposto, de resultar beneficiaria da autorización, os datos serán tratados, entre outros para a comunicación ou remisión de notificacións necesarias ou obrigatorias, en relación co control e execución da autorización concedida.

A base xurídica que lexitima o tratamento dos datos persoais é, por unha banda, o cumprimento por parte do Concello de Lalín das obrigacións legais dimanantes da normativa de aplicación e, doutra banda, o seguimento e inspección da autorización concedida, en caso de resultar como beneficiaria da devandita autorización.

Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos, conforme á normativa de aplicación á autorización concedida, ademais dos períodos establecidos na normativa de arquivos e documentación.

Os datos poderán ser cedidos ou comunicados aos órganos competentes da Administración pública contratante e, no seu caso, a outros entes públicos (Tribunal de Contas ou homólogo autonómico, Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais, Xulgados ou Tribunais, Axencia Tributaria, Axencia Antifraude ou outros entes ou organismos públicos) nos supostos previstos, segundo a Lei. Os datos poderán ser publicados, no seu caso, nos taboleiros, físicos ou electrónicos, nos diarios ou boletíns oficiais e, en particular, no perfil de contratante, disposto na páxina institucional ou sede electrónica de Concello de Lalín.

De conformidade coa lexislación, europea e española, en protección de datos de carácter persoal, os titulares dos datos persoais poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación e, no seu caso, oposición, mediante un escrito, acompañado de copia do DNI, Pasaporte ou documento identificativo equivalente, a presentar a través do Rexistro de Entrada de Concello de Lalín.

En caso de estimar unha vulneración do dereito á protección de datos, poderá presentar unha reclamación, en primeiro lugar, ante o noso Delegado de Protección de datos dpd@lalin.gal ou,

no seu caso, ante a Axencia Española de Protección de Datos www.aepd.es.

14.- REVERSIÓN DEMANIAL

Transcorrido o prazo, e en todo caso a finalización do obxecto de cada unha das autorizacións, os bens obxecto de autorización reverterán ao Concello de Lalín en perfecto estado de conservación.

15.- RÉXIME XURÍDICO.

As parcelas obxecto de autorización, atópanse en terreos de dominio público nos termos establecidos polo Regulamento de Bens das Corporacións Locais, aprobado por RD 1372/1986, do 13 de xuño.

As ofertas dos interesados deberán axustarse ao previsto nestas bases, e a súa presentación suporá a aceptación polo empresario, sen condicións, do contido da totalidade de ditas cláusulas, así como do Proxecto de Feira, sen excepción ou reserva algunha.

A cesión de uso do dominio público ten carácter patrimonial, quedando suxeito ao disposto nestas bases, no proxecto de feira e no non previsto nas mesmas, será de aplicación a seguinte normativa:

- Lei 33/2003, de 3 de novembro, do patrimonio das Administracións Públicas.
- Real Decreto 1373/2009, de 28 de agosto, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do patrimonio das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro.
- Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo R.D. 1098/2001, de 12 de outubro.



- Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

- Supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado. En canto aos seus efectos e extinción este contrato rexerá polas normas de dereito privado.

Por outra banda resulta de aplicación a seguinte normativa sectorial:

- Lei 3/2023, do 4 de xullo, reguladora dos xogos de Galicia.
- Decreto 166/1986, do 4 de xuño, sobre o catálogo de xogos da Comunidade Autónoma de Galicia.
- RCE 852/2004, do Parlamento Europeo e do Consello, de 29 de abril, relativo á hixiene dos produtos alimenticios.
- Lei 13/2010, de 17 de decembro, do comercio interior de Galicia.
- Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e a competitividade económica de Galicia.
- Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.
- Ordenanza de medio ambiente, limpeza e convivencia do Concello de Lalín. Boppo nº 11, do 19 de xaneiro de 2016
- Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos e actividades recreativas de Galicia.
- Decreto 124/2019, de 5 de setembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ó público da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orden do 23 de outubro de 2020, pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ó público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e actividades recreativas.
- Decreto 226/2022, do 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas.
- Lei 17/2011, do 5 de xullo, de seguridade alimentaria e nutrición.
- Real Decreto 1086/2020, do 9 de decembro, polo que se regulan e flexibilizan determinadas condicións de aplicación das disposicións da Unión Europea en materia de hixiene da produción e comercialización dos produtos alimenticios e regúlanse actividades excluídas do seu ámbito de aplicación; Regulamento (UE) Nº 1169/2011, do Parlamento Europeo e do Consello do 25 de outubro de 2011, sobre a información alimentaria facilitada ao consumidor.
- Real Decreto 126/2015, do 27 de febreiro, sobre a “Norma Xeral Relativa á



Información Alimentaria dos alimentos que se presentan sen envasar para a venda ao consumidor final e ás colectividades, dos envasados nos lugares de venda a pedimento do comprador, e dos envasados polos titulares do comercio polo miúdo”

REVISADO E CONFORME
SERVIZO DE CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA

O Alcalde,
José Crespo Iglesias.

A Xefa do Servizo de Contratación,
Fátima Cortizo Seijas.

(Documento asinado electronicamente á marxe)



ANEXO I. MODELO DE SOBRE

(Empregar o encabezado que corresponda)

SOBRE NÚMERO 1: DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA PARA PARTICIPAR NAS BASES PARA A CONCESIÓN DE AUTORIZACIÓNS PARA A INSTALACIÓN DE ATRACCIÓNS DE FEIRA NA ZONA DO REGUEIRIÑO, DURANTE AS FESTAS PATRONAIS DO ANO 2025.

SOBRE NÚMERO 2: PROPOSTA ECONÓMICA PARA PARTICIPAR NAS BASES PARA A CONCESIÓN DE AUTORIZACIÓNS PARA A INSTALACIÓN DE ATRACCIÓNS DE FEIRA NA ZONA DO REGUEIRIÑO, DURANTE AS FESTAS PATRONAIS DO ANO 2025.

Expediente: 2224/2025

Posto solicitado: _____ (indicar o número do posto).

Finalidade do posto: _____.

Presentado por (Indicar nome e apelidos e no seu caso razón social):
_____.

DNI/ CIF: _____.

Dirección: _____.

Teléfono: _____.

Enderezo electrónico: _____.

En _____, _____ de _____ de 202__

(lugar, data e sinatura)



ANEXO II A - MODELO DE INSTANCIA E DECLARACIÓN RESPONSABLE

DATOS FISCAIS. (Os que aparecen na Axencia Tributaria)		
Denominación Fiscal:	CIF/NIF:	Teléfono:
Enderezo Fiscal:		
Enderezo electrónico a efectos de notificación:		
Nome do representante:	NIF:	Teléfono:
Enderezo do representante:		
Denominación Comercial:		
Enderezo comercial:		
Posto ou postos solicitados	Número:	
	Tipoloxía de posto e breve descrición da actividade:	
	Aforo da actividade recreativa:	

D./Dña _____, en nome propio ou en representación da empresa _____, manifesta a súa vontade de participar no procedemento convocado para a **“CONCESIÓN DE AUTORIZACIÓNS PARA A INSTALACIÓN DE ATRACCIÓN DE FEIRA NA ZONA DO REGUEIRIÑO, DURANTE AS FESTAS PATRONAIS DO ANO 2025” (EXP. 2224/2025)** polo importe sinalado na oferta económica.

Así mesmo, designo **a/s seguinte/s persoal/s que serán as encargadas do posto (maior de idade) durante os días da ocupación a:**

Nome e Apelidos:	NIF:
Nome e Apelidos:	NIF:
Nome e Apelidos:	NIF:

Do mesmo xeito, declaro que son certos todos os datos e documentos presentados no expediente de referencia e que a empresa á que represento, reúne os requisitos de plena capacidade xurídica e de obrar, esixidos pola normativa e que especialmente se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, estatais, autonómicas, locais e de seguridade social que impoñen as disposicións vixentes e declaro non ter causado baixa no IAE durante o presente exercicio económico e que dispoño da documentación que así o acredita.

Así mesmo comprométome a manter o seu cumprimento durante a ocupación do espazo público e a dispoñer dunha póliza de Responsabilidade Civil en vigor polo importe esixido no Proxecto de Feira respecto da parcela solicitada e comprométome a tela en todo momento a disposición do Concello e a presentala no suposto de que lle sexa requirida, especialmente durante o tempo que dure a ocupación.

Asemade declaro baixo a miña responsabilidade:

- ✓ Que as dimensións da instalación que pretendo montar adáptanse ás parcelas cuxo uso pretendo obter.
- ✓ A instalación posúe a marcación CE de conformidade co proxecto técnico e que cumpre con toda a normativa técnica e de seguridade exixible polo ordenamento xurídico.
- ✓ Que cumprerei cos horarios establecidos na normativa de aplicación.
- ✓ Tódalas persoas que exerzan a actividade dispoñen do carné de manipulador de alimentos e do curso de alerxias alimentarias.
- ✓ Disporá de auga corrente no mostrador e desaugues á rede de sumidoiros.
- ✓ Disporá da capacidade frigorífica axeitada para manter os alimentos perecedoiros a unha temperatura inferior a 8º C.
- ✓ No caso de exposición de alimentos ao público empregarase a protección adecuada, Vitrina para os de consumo inmediato ou vitrina frigorífica para os perecedoiros de exposición prolongada.
- ✓ No caso de comercializar produtos de pastelería, caramelos e outros sin envoltorio non se atoparán ao alcance do público e disporán da protección ambiental axeitada.
- ✓ O persoal que realice a actividade contará cun aseo, limpeza e vestiario adecuados.
- ✓ A parcela atoparase perfectamente limpa e recollida toda clase de residuos.

En, de de 2025.
(sinatura)

De acordo co artigo 69.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e co artigo 40 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore na declaración responsable, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas as que dera lugar.

Esta declaración responsable non constitúe unha autorización administrativa, senón unicamente a transmisión da información correspondente para os efectos do coñecemento municipal e de posibilitar a intervención mediante o control posterior, sen prexuízo das facultades de inspección.

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE LALÍN.

ANEXO II B - MODELO DE INSTANCIA E DECLARACIÓN RESPONSABLE

DATOS FISCAIS. (Os que aparecen na Axencia Tributaria)		
Denominación Fiscal:	CIF/NIF:	Teléfono:
Enderezo Fiscal:		
Enderezo electrónico a efectos de notificación:		
Nome do representante:	NIF:	Teléfono:
Enderezo do representante:		
Denominación Comercial:		
Enderezo comercial:		
Posto ou postos solicitados	Número:	
	Tipoloxía de posto e breve descrición da actividade:	
	Aforo da actividade recreativa:	

D./Dña _____, en nome propio ou en representación da empresa _____, manifesta a súa vontade de participar no procedemento convocado para a **“CONCESIÓN DE AUTORIZACIÓNS PARA A INSTALACIÓN DE ATRACCIÓNS DE FEIRA NA ZONA DO REGUEIRIÑO, DURANTE AS FESTAS PATRONAIS DO ANO 2025” (EXP. 2224/2025)** polo importe sinalado na oferta económica.

Así mesmo, designo a seguinte persoa física ou xurídica que asumirá a responsabilidade técnica da montaxe da instalación:

Nome e Apelidos:	NIF:
Enderezo:	Tfno:

Asemade, designo como Responsable do manexo da atracción ou posto (maior de idade) durante os días da ocupación a:

Nome e Apelidos:	NIF:
Enderezo:	Tfno:

Contratación

Nome e Apelidos:	NIF:
Enderezo:	Tfno:

Do mesmo xeito, declaro que son certos todos os datos e documentos presentados no expediente de referencia e que a empresa á que represento, reúne os requisitos de plena capacidade xurídica e de obrar, esixidos pola normativa e que especialmente se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, estatais, autonómicas, locais e de seguridade social que impoñen as disposicións vixentes e declaro non ter causado baixa no IAE durante o presente exercicio económico e que dispoño da documentación que así o acredita.

Así mesmo comprométome a manter o seu cumprimento durante a ocupación do espazo público e a dispoñer dunha póliza de Responsabilidade Civil en vigor polo importe esixido nas Bases respecto do posto ou parcela solicitado e comprométome a tela en todo momento a disposición do Concello e a presentala no suposto de que lle sexa requirida, especialmente durante o tempo que dure a ocupación.

Asemade declaro baixo a miña responsabilidade:

Que as dimensións da instalación que pretendo montar adáptanse ás parcelas cuxo uso pretendo obter.

(Que de ser o caso) a instalación posúe a marcación CE de conformidade ou proxecto técnico e que a atracción a instalar cumpre con toda a normativa técnica e de seguridade exixible polo ordenamento xurídico.

(Que de ser o caso) a instalación conta cun certificado anual no que se inclúe a revisión e mantemento dos elementos mecánicos de funcionamento (sistema pneumático, hidráulico, combustión...) así como dos elementos da estrutura en movemento asinado por técnico competente.

Que cumprirei cos horarios establecidos na normativa de aplicación.

Que me comprometo, unha vez montada a instalación, a estar en posesión da correspondente certificación ou actas de verificación ou de control de funcionamento e de revisión, e a exhibilas a requirimento dos axentes da autoridade ou persoal designado polo Concello ao efecto e a cumprir coas actuacións de inspección e comprobación relativas á revisión da solidez e seguridade estrutural da instalación, revisión das instalacións, probas de funcionamento, competencia do persoal das atraccións, requisitos de acceso e uso de linguaxe non sexista.

Que a atracción, mentres estea en funcionamento, permanecerá baixo o control directo dun operador principal maior de idade e con coñecemento do funcionamento da atracción.

En, de de 2025.
(sinatura)

De acordo co artigo 69.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e co artigo 40 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore na declaración responsable, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, cívís ou administrativas as que dera lugar.

Esta declaración responsable non constitúe unha autorización administrativa, senón unicamente a transmisión da información correspondente para os efectos do coñecemento municipal e de posibilitar a intervención mediante o control posterior, sen prexuízo das facultades de inspección.

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE LALÍN.

24/25

Cod. Validación: EA7356QN519D5C5SLHLG3QNWC
Corrección: <https://lalin.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 24 a 25



ANEXO III -MODELO DE OFERTA ECONÓMICA E SOLICITUDE DE PARCELA

D./D.^a _____, con domicilio fiscal en _____ con DNI _____ en plena posesión da capacidade xurídica de obrar, en nome propio (ou en representación de _____ con DNI ou CIF _____) fai constar:

a) Que solicita tomar parte na licitación convocada polo Concello de Lalín para a **“CONCESIÓN DE AUTORIZACIÓNS PARA A INSTALACIÓN DE ATRACCIÓNS DE FEIRA NA ZONA DO REGUEIRIÑO, DURANTE AS FESTAS PATRONAIS DO ANO 2025”** (Exp. 2224/2025).

b) Que opta á adxudicación de autorización municipal para o posto número _____ e ofrece o seguinte prezo: _____ €.

Que solicita supletoriamente, para o caso de que non se adxudique o posto solicitado no parágrafo anterior o posto número _____ e ofrece o seguinte prezo _____ €. *(no caso de que non se solicite supletoriamente outro posto non se cubrirá este apartado).*

c) Que en caso de resultar adxudicatario se compromete a achegar o xustificante de pagamento das taxas correspondentes ao posto ou postos solicitados.

d) Que acepta incondicionalmente cantas obrigas se deriven destas bases e do Proxecto de Feira así como da normativa de aplicación.

En _____, de de 202__.
(sinatura)

No suposto que se opte a varias parcelas incluíranse tantos modelos como parcelas se soliciten.

